


4^o Certame
Literaria

Carmela Loureiro



O Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL) convocan conxuntamente este certame que se rexerá polas bases dispoñibles en: <http://www.ferrol.gal> ou <http://www.blogoteca.com/cenlf/>

Novembro 2017

FERROL

Bases O Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL) convocan o IV Certame literario Carmela Loureiro como homenaxe a unha muller, profesora en Ferrolterra, presidenta da CENL durante anos, que dedicou o seu tempo e o seu saber á lingua e aos máis novos. A súa traxectoria persoal e profesional é un exemplo do labor anónimo e xeneroso de moitos profesionais do ensino na difusión da cultura e do idioma entre a mocidade.

O Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL) convocan conxuntamente este certame que se rexerá polas seguintes bases:

- 1- Poderá participar todo o alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL, sempre que estean matriculados nalgún dos cursos correspondentes ás distintas categorías establecidas neste certame.
- 2- O certame presenta tres modalidades:
 - 1) Modalidade de microrrelatos
 - 2) Modalidade de micropoesía
 - 3) Modalidade de microteatro (só para a categoría de bacharelato e ciclos formativos).
- 3- Na modalidade de microrrelatos, os/as participantes deberán elaborar un texto narrativo que non poderá exceder as 150 palabras e que terá que comezar polo texto seguinte: **"Non podemos seguir así...!"**. O microrrelato debe presentarse cun título
- 4- Na modalidade de micropoesía, as persoas participantes deberán elaborar un texto poético que non poderá exceder de seis versos.
- 5- Na modalidade de microteatro, os/as participantes deberán elaborar un texto teatral que non poderá exceder as 600 palabras (incluídos os nomes das personaxes e as anotacións). O texto de microteatro debe presentarse cun título. Nesta modalidade só poderá participar o alumnado de bacharelato e ciclos formativos.
- 6- Os textos dos microrrelatos, das micropoesías e das pezas de microteatro deberán estar escritos en **lingua galega**, deberán ser **orixinais e inéditos** e non poderán ter recibido ningún premio ou accésit noutro certame ou concurso.
- 7- O concurso constará de dúas fases: unha interna e outra intercentros. Na fase interna os traballos elaborados entregaráselle ao profesorado encargado deste concurso en cada centro educativo e será o propio centro quen decida a composición do xurado. Para a fase intercentros, os traballos seleccionados deberán entregarse nun sobre pechado. Cada centro pode presentar **dous textos por cada categoría (a, b, c, d) en cada modalidade** 1) microteatro, 2) micropoesía e 3) microrrelatos). Na parte exterior do sobre só figurará o nome do centro que o remite e no interior, ademais dos textos presentados, constará **unha relación** cos datos identificativos dos/as autores e o seu correspondente traballo (título ou primeiro verso). Os datos de identificación que deben figurar son o nome e apelidos do/da participante, o curso en que está matriculado e o centro de ensino. Estes sobres entregaranse na Casa do Concello, (praza de Armas, s/n, 15402, Ferrol), no Rexistro Xeral.

8- O prazo para entregar os traballos en cada centro na fase interna remata o **martes 12 de decembro de 2017** e para a fase intercentros, remata o **mércoles 20 de decembro**. O Concello comunicarlles a todos os centros de ensino participantes o resultado do certame e publicarase na páxina web municipal e na da Coordinadora. A entrega dos premios e a presentación da publicación realizarase nun acto público no primeiro semestre de 2018.

9- Establécense catro categorías na modalidade de microrrelatos, catro categorías na modalidade de micropoesía: e unha categoría na modalidade de microteatro.

1 Modalidade de microrrelatos

Categoría A: 5º e 6º educación primaria

Categoría B 1º e 2º de ESO.

Categoría C: 3º e 4º de ESO.

Categoría D: bacharelato e ciclos formativos.

2 Modalidade de micropoesía

Categoría A: 5º e 6º educación primaria

Categoría B 1º e 2º de ESO.

Categoría C: 3º e 4º de ESO.

Categoría D: bacharelato e ciclos formativos.

3 Modalidade de microteatro

Categoría D: bacharelato e ciclos formativos.

10- O xurado estará composto por un representante da CENL, outro do Concello de Ferrol, dous alumnos ou alumnas dos centros participantes propostos pola CENL e unha persoa destacada do mundo da literatura ou da lingua. O xurado ditaminará sobre o concurso de xeito inapelable, poderá declarar os premios desertos e resolverá cantas dúbidas xurdan. Así mesmo, se a calidade dos traballos o aconsella, poderán concederse os accésits que o xurado estime conveniente.

11- Os traballos premiados quedarán en posesión do Concello que poderá utilizalos cando e como quixese. O Concello de Ferrol editará en papel e en formato dixital os traballos premiados e todos ou parte dos traballos presentados ao xurado na fase intercentros. Publicaranse nas páxinas web do Concello de Ferrol e da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística.

Establécense un agasallo (unha tablet) por cada categoría en cada unha das tres modalidades. Os centros educativos teñen a potestade de poder premiar todos aqueles traballos que desexen do seu instituto. Os datos persoais das persoas participantes que fosen facilitados para a súa participación neste certame serán utilizados exclusivamente polo Concello de Ferrol e a CENL coa única finalidade de xestionar a participación no certame.. En ningún caso se cederán a terceiros nin pasarán a formar parte de ningunha base de datos de carácter comercial. A participación no concurso supón a aceptación destas bases. Non se admitirá ningún texto en ningunha das tres modalidades enviado fóra de prazo e, en xeral, ningún texto que non cumpra as condicións recollidas nestas bases.

Ferrol, novembro 2017